



# PLAN DIXITAL

[IES As Lagoas]

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

Instituto de Educación Secundaria As Lagoas, Rúa Eduardo Blanco Amor nº2  
32004 OURENSE TLFNO. 988 685 020 e-mail: [ies.aslagoas@edu.xunta.es](mailto:ies.aslagoas@edu.xunta.es)  
Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesaslagoas/>

- OFERTA EDUCATIVA:
  - ESO (1º, 2º, 3º, 4º); en 4º ESO, só de ensinanzas académicas por falta de demanda no itinerario das ensinanzas aplicadas.
  - Bacharelato (1º e 2º) nas modalidades de Artes (na vía de Artes Escénicas, Música e Danza), Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais.
  - Dous grupos, de 1º e 2º ano, de FP Básica de Servizos Comerciais que reciben as ensinanzas dos módulos comúns, non asociados ás unidades de competencia, que se imparten no CIFP Portovello, centro de referencia.
  - O curso 2019-2020 comezou o Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía: o STEMbach.
  
- PROFESORADO:
  - Este ano o profesorado do centro está constituído por 74 docentes, incluíndo unha profesora completa de AL e unha a media xornada de Xeografía e Historia. Destes, 53 teñen destino definitivo e 21 son provisionais.
  
- ALUMNADO:
 

No IES As Lagoas cursan estudos 698 alumnos e alumnas (números do 18/10/2021) distribuídos en 31 grupos, o mesmo número que tiñamos antes da pandemia:

  - Grupos de ESO (5+4+4+4) = 17
  - Grupos de Bacharelato (6+6) = 12
  - Grupos FP Básica, 1º e 2º = 2

	1º	2º	3º	4º	Alumnado
<b>ESO</b>	121	97	80	95	393
<b>Bach.</b>	138	147			285
<b>FP Básica</b>	10	10			20
<b>Total</b>					<b>698</b>

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro recolle alumnado moi diverso, na súa maioría pertencentes á clase media e media-baixa onde ambos proxenitores traballan fóra de casa. Tamén recibe alumnado de procedencia rural. O nivel socioeconómico das familias é medio. Os centros que aportan alumando son os colexios públicos de primaria adscritos dos que recibimos alumnos: CEIP Mestre Vide, CEIP Manuel Sueiro, CEIP Curros Enríquez, CEIP As Mercedes. Ou o CPI "José García García" que tamén aporta alumnado. Tamén os colexios privados: CPR "A Purísima", CPR "Concepción Arenal", CPR "Divina Pastora" ou CPR "Miraflores".

Ademais hai un número significativo de alumnos procedentes doutros colexios de primaria, mesmo de zonas rurais (Ordelles, Pereiro, etc.) e os procedentes das ordes de escolarizacións. Estes datos atópanse na PXA onde se pode ampliar dita información sobre situación do centro e contexto sociocultural.

Dentro das propostas e medidas da Programación Xeral Anual do centro (PXA), aparece no punto 6º a promoción das actividades de formación entre o profesorado segundo a fórmula de grupo de traballo na liña concedida de PFPP, este ano especialmente referido a formación en ferramentas telemáticas de cara á elaboración do Plan Dixital do centro.

Respecto aos recursos, contamos con boas e eficaces ferramentas de comunicación (web do instituto, correo electrónico, teléfono, Xesfano, Mensario, abalarMóbil, ...) e fomentamos o uso responsable de móbiles e redes sociais.

Sería interesante a creación de novos canles de comunicación para difundir e promocionar as actividades que desenvolven os departamentos e mesmo, como se recolle nas medidas, unha canle para difundir ditas actividades ao exterior e dar novas delas, así como dos recoñecementos públicos do Instituto ou dos seus alumnos e profesores.

O IES As Lagoas participa en varios programas de innovación e proxectos do centro que aparecen na PXA do 2021/2022 e que terán continuidade o curso próximo: varias modalidades de contratos-programa (RECUPERA-T, INCLÚE-T E INNOVA), o STEMBACH (dende o ano 2019), EduExchanges, PLAMBE, ERASMUS+, programa CUALE, seccións bilingües, o Plan Proxecta e a solicitude para o próximo curso dos Polos Creativos.

O centro participou dende o curso 2010/11 no proxecto Abalar para 1º e 2º da ESO. Na PXA aparece un apartado dedicado ao PLAN DIXITAL DO CENTRO, onde se deixa de manifesto que os distintos programas, aos que o centro se suma, implican necesidades de formación que favorezan e melloren o noso traballo docente. Este

curso insistirase na formación en ferramentas informáticas e Aulas Virtuais de cara a mellorar o desenvolvemento deste recurso e o próximo a poñer en marcha o Plan Dixital que se someterá a votación no claustro.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Este Plan Dixital de centro ten a súa base legal na seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

Na elaboración deste plan hai que salientar a creación dunha liña de formación PFPP neste curso 2021/22 coa participación dunha parte do profesorado do centro, coordinados por Cristina Fernández-Arruty Ferro, que contén unha liña de formación para desenvolver o Plan Dixital.

Creouse un equipo de dinamización do Plan Dixital, coordinado por José Manuel Gargallo Abelairas (coordinador TIC do centro), en colaboración cos equipos ADIX a través dun espazo na aula virtual na seguinte dirección: [Plan Dixital: Acceder ao sitio \(xunta.gal\)](https://xunta.gal)

Creouse un espazo, dentro da aula virtual do IES, para compartir documentos, traballar en equipo e xestionar as tarefas en relación coa elaboración do borrador do PD.

Organizouse o diagnóstico da situación do centro coa axuda da ferramenta Selfie proporcionada pola Comisión Europea.

Coa axuda dos resultados acadados co Selfie e os do Test de CDD, fíxose a análise da situación do centro a través dun DAFO.

Elaboráronse as táboas de obxectivos e debatéronse ata chegar ás definitivas.

Houbo reunións periódicas do equipo de dinamización do Plan Dixital para traballar e chegar acordos.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestrutura dixital:

O centro conta con conexións por cable, moi deficiente, en todas as aulas e espazos administrativos (rede Siega. ED\_32009190) ademais da conexión por cable Abalar en 9 aulas (1º e 2º de ESO) e a wifi Abalar con cobertura en ditas aulas de 1º e 2º de ESO) Os puntos de acceso wifi (rede Siega) colocados en diversos lugares do centro presentan un mal funcionamento e teñen unha mala conectividade, sendo moi obsoletos e sen mantemento. Solicitamos este curso á Consellería a instalación de puntos de acceso wifi que sexan operativos nos lugares onde non hai cobertura da rede Abalar. Estamos á espera dunha resposta por parte da Consellería.

Todas as aulas ordinarias dispoñen de ordenador (na meirande parte equipos obsoletos) , EDI e proxectores. En total contamos nas aulas con 23 equipos portátiles e 17 de sobremesa.

O centro dispón de 14 liñas telefónicas conectadas en rede (6 de administración e dirección, 2 de profesorado, 1 de orientación, 1 no pavillón, 1 de cafetería, 1 de conserxería e 1 da vivenda do conserxe.

- Equipamento:

A biblioteca, acollida ao PLAMBE, emprega o sistema KOHA para a xestión de recursos. O ano pasado o centro foi centro-piloto para a implantación deste novo sistema. A biblioteca conta cun ordenador para o profesorado encargado da biblioteca e catro ordenadores máis para os usuarios, con conexión a internet por cable.

A sala de profesorado dispón de seis ordenadores conectados por cable coa rede do centro, fotocopiadora e escáner.

En cada un dos departamentos hai, como mínimo, un ordenador con conexión cableada á rede do centro. Na meirande parte deles son equipos obsoletos, con moitos anos de uso.

O centro non dispón de equipos ultraportátiles para aula móbil.

Existen tres aulas de informática con postos que van desde os 15 aos 30 equipos de sobremesa (obsoletos moitos).

- Servizos dixitais educativos:

O profesorado do centro ten á súa disposición a aula virtual, páxina web de centro, o espazo Abalar, o Abalar pro, e outras) para facilitar a xestión docente.

A xestión diaria e a resolución de pequenas incidencias son responsabilidade do coordinador das TIC'S, José Manuel Gargallo e da outra compoñente do equipo de

dinamización dixital, Cristina Fernández-Arruty. No caso de avarías ou problemas que non se poden solucionar, dispónse dun técnico pagado polo centro.

Na web do centro hai enlaces cos principais documentos e protocolos en vigor.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE: Resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	3,5	2,7
	Profesorado	3,1	3,1
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,2	2,3
	Profesorado	2,6	2,6
	Alumnado	2,8	2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,2	2,8
	Profesorado	3,2	3,2
	Alumnado	3	2,3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,8	3,2
	Profesorado	3,3	2,9
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoi e Recursos	Equipo Direct.	3,1	2,6
	Profesorado	3,8	3,8
	Alumnado	3,7	3,5
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,6	2
	Profesorado	3,1	3,2
	Alumnado	2,8	2,6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5	2
	Profesorado	2,7	3,1
	Alumnado	2,5	2,1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,4	2,6
	Profesorado	3,1	3,2
	Alumnado	2,9	2,5

**Test CDD:** Información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Información recollida da táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	18	53	34%
<b>PROVISIONAL</b>	2	10	20%
<b>INTERINO</b>	3	10	30%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	5	40%
<b>OUTROS</b>	1	4	25%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	78,6	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>	79,3	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
<b>F.P</b>				

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	9	34,60%
<b>B1</b>	10	38,50%
<b>B2</b>	6	23,10%
<b>C1</b>	1	3,80%
<b>TOTAL</b>	26	100,00%



### 2.3. Análise DAFO

#### Resultados da análise DAFO do centro:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C.3 Existencia no centro dunha rede dixital. C.1 Existe unha aula virtual en funcionamento e unha páxina web de centro activa.	C.2 C.8 Equipos obsoletos e insuficientes. C.3 Conexións a internet deficientes. C.15 OP Mala integración entre equipos persoais e infraestrutura de centro. C.10 OP Escaseza de dispositivos informáticos para o alumnado.
	PERSONAL DOCENTE	D.2 E.3 Parte do profesorado amosa motivación e interese no emprego didáctico das TIC. F.1 O profesorado adaptación ás necesidades do alumnado	B.3 Provisionalidade do profesorado. D.3 Escasa cultura do traballo en equipo. A.3 Priorízase o ensino de contidos e metodoloxías tradicionais. D.2 Baixa participación en actividades de formación relacionadas coas TIC
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	H Implicación coas novas tecnoloxías. H Alumnado participativo nas actividades	C.10 OP Descoñecemento ou reticencia a un emprego didáctico dos dispositivos dixitais. H. Falta de responsabilidade no uso das TIC.
	FAMILIAS	C.13 OP Familias implicadas e comprometidas. C.13 OP Nivel socioeconómico cultural medio-alto. C.13 OP Acceso fácil a dispositivos e conexións a internet.	C.13 OP Reticencia por parte das familias ao emprego de dispositivos dixitais individuais na aula.
	OFERTA	A.3 Existencia de plans de formación no centro.	A.3 Escasa participación na oferta formativa do centro.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A.2 Compromiso da dirección co Plan Dixital. C.12 Existencia dun equipo competente de dinamización dixital. A.1 Existencia dunha estratexia dixital.	A.3 A pesar de existir unha estratexia dixital, o seguimento desta é mellorable. C.5 Non existe unha atención técnica continua. C.14 OP Espazos físicos insuficientes

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C.1 Posibilidade de utilizar plataformas educativas. C.1 C.2 C.3 C.5 Posibles investimentos, nacionais e europeos para dotar ao centro de novos equipamentos e recursos dixitais.	Excesiva burocracia para todo (vease Selfie e test CDD). Recortes administrativos. Difícil conciliación para o deseño e realización de proxectos e coordinacións co resto da actividade docente. C.5 Non existe unha atención técnica continua.
	LEXISLACIÓN	O marco legal promove o uso das TIC para a consecución das competencias clave.	Cambios legislativos frecuentes.
	CONTORNA	C.12 OP Posibilidade de establecer colaboracións co campus universitario por proximidade e outras instalacións.	
	ANPA	C.16 OP Existencia da ANPA activa e colaboradora cos plans de centro.	
	OUTRAS ENTIDADES		
	PERSONAL NON DOCENTE		Cambios frecuentes de persoal administrativo.

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar este Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de estudo e elaboración do Plan Dixital.

Nos nosos obxectivos buscamos a mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos *mesmos está en constante evolución*.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A continuación desenvólvense as táboas cos obxectivos, indicadores e accións.

## Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

<b>"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES (B)</b>						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Desenvolver e pór en marcha un plan de formación para o fomento e desenvolvemento da competencia dixital en colaboración coas administracións coherente cos marcos DigCompOrg, DigCompEdu e DigComp.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo ou equipo dinamización do plan dixital				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de profesorado que realiza os ditos cursos					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non se aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% do profesorado			30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Constitución dun grupo de traballo para a elaboración do plan de formación de competencia dixital,</b>	Equipo de dinamización do plan dixital	30/10/2022	Centro de Formación do Profesorado Plan de formación		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Definición das áreas e dos cursos axeitados e redacción do plan</b>	Equipo de dinamización do plan dixital	30/10/2022	Actividades do sistema de formación do profesorado. Equipo de dinamización do plan dixital		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3 Difusión do plan, das actividades formativas sobre as competencias dixitais.</b>	Equipo Directivo	30/06/2023	Páxina Web do les Encargado(s) da elaboración e mantemento da web corporativa		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.4: Rexistro dos integrantes do claustro nas actividades difundidas no plan dixital.</b>	Equipo de dinamización do plan dixital	30/06/2023	Aula Virtual Equipamento informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

"Área/s de mellora": LIDERADO (A)						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Fomentar o uso e coñecemento de ferramentas dixitais nos procesos administrativos do centro (informacións, matriculas, formularios,...) entre a comunidade educativa				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe dos documentos mais relevantes do centro dixitalizados					
<b>Valor de partida (3)</b>	10% dos documentos mais relevantes do centro dixitalizados					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	75% dos documentos mais relevantes do centro dixitalizados			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Dixitalización da documentación máis relevante do centro	Equipo administrativo do centro	30/06/2023	Documentación en papel Equipo e PAS administrativo Escáner e software axeitado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Difusión na páxina web do IES a documentación máis relevante do centro	Equipo directivo	01/11/2022	Páxina web Documentación en formato dixital Membros da comunidade educativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>"Área/s de mellora": LIDERADO (A)</b>						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Empregar a ferramenta Abalar e Abalar Pro na comunicación entre o profesorado do centro co alumnado e coas familias.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo e Equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de titores/as e profesorado que realizan as comunicacións ás familias a través do sistema ABALAR					
<b>Valor de partida (3)</b>	25% da comunidade educativa					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	90% da comunidade educativa			20/6/2023		
<b>ACCÍONS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO3.1:Coñecemento dos protocolos de comunicación a través de ABALAR e correo electrónico</b>	Equipo de dinamización do Plan Dixital	16/09/2022	Videotitoriais e/ou documentos cos protocolos de actuación Profesorado Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.2: Avaliación do estado de dispoñibilidade do sistema ABALAR por parte das familias (tanto a aplicación ABALAR móbil como a web)</b>	Titores/as	30/9/2022	Enquisa elaborada polo equipo TIC Membros da comunidade educativa (nais/pais, alumnado maior de idade. Móviles, tabletas Rede Wifi		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.3:Potenciación do uso de ABALAR mediante o envío de notificacións periódicas e o uso efectivo do sistema.</b>	Todo o profesorado	20/6/2023	Videotitoriais e/ou documentos cos protocolos de actuación Todo o profesorado Abalar e Abalar Pro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>AO3.3: Medición do uso efectivo de ABALAR cun rexistro que amose as comunicacións reais realizadas con esta ferramenta.</b>	Todo o profesorado	20/6/2023	Profesorado Abalar Folla de rexistro dixitalizada	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

<b>"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS(C)</b>						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Elaborar, difundir e empregar unha guía de uso responsable de equipos e dispositivos tecnolóxicos.( C2 C8).				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de dinamización do Plan Dixital. Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Elaboración da guía e difusión a través da web do centro. (Instrumento: Regulamento de organización e funcionamento do centro. Plan de centro).					
<b>Valor de partida</b>	Sen guía de uso responsable de equipos e dispositivos tecnolóxicos.					
<b>Valor previsto e data</b>	1 guía elaborada de uso responsable de equipos e dispositivos.			22/12/22		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO4.1:</b> Creación dun grupo de traballo para elaborar a Guía de uso responsable.	Equipo de dinamización do plan dixital e persoa coordinadora TIC.	30/10/2022	Equipo de dinamización do plan dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.2:</b> Elaboración dun documento que recolla as normas de utilización e conservación dos dispositivos do centro.	Equipo de dinamización do plan dixital e persoa coordinadora TIC.	01/12/2022	Equipo de dinamización do plan dixital. Equipamento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO4.3: Publicación da Guía na páxina web do centro para o seu coñecemento pola comunidade educativa.	Persoa coordinadora TIC.	22/12/2022	Aula virtual Equipamento informático. Páxina web do centro	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN na AULA ( F )						
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Fomentar o uso de estratexias didácticas atractivas e que teñan en conta as expectativas e intereses do alumnado, así como a súa diversidade e faciliten a súa creatividade (F1,F3).			Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos/ Profesorado implicado.			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de docentes que empregan estratexias didácticas facilitadas polas TICS.(Instrumento: enquisa ao profesorado).					
<b>Valor de partida</b>	Non aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data</b>	50% dos docentes que participan na formación descrita no obxectivo 1 empregan estratexias didácticas facilitadas polas TIC que supón iniciar un cambio do modelo pedagóxico (aprendizaxe xogando, explorando, creando, facendo...).		26/06/2024			
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Xestión dun PFPP cunha liña de creación de didácticas ligadas as TIC (gamificación, creación Audio visual, programación) elaboradas polos docentes.	Equipo Directivo .	30/10/2022	Equipo directivo. Plan de Formación do Profesorado anual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>A05.2:</b> Selección guiada das tecnoloxías dixitais a incluír nas programacións didácticas.	Xefaturas de departamento	30/05/23	Persoas implicadas do profesorado no PFPP. Aplicacións dixitais Equipamento informático. Docente externo formador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A05.3:</b> Integración dos recursos dixitais no deseño das programacións didácticas.	Profesorado	22/06/23	Persoas implicadas do profesorado no PFPP.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A05.4:</b> Aplicación das programacións didácticas na práctica docente.	Profesorado	22/06/24	Persoas implicadas do profesorado no PFPP.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A05.5:</b> Elaboración da enquisa para medir si se acadou o % establecido.	Xefatura de estudos	30/10/24	Enquisa. Equipamento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



"ÁREA/S DE MELLORA": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)						
<b>OBXECTIVO 6:</b>	Elaborar ou recompilar e pór en aplicación materiais didácticos que integren recursos dixitais na aula para favorecer o uso da competencia dixital e da aprendizaxe competencial xeral mediante metodoloxías activas.( E1,E2,E3).				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de dinamización do plan dixital				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de materiais didácticos elaborados ou recollidos polo profesorado e o alumnado.(Instrumentos: enquisa ao profesorado participante na formación) .					
<b>Valor de partida</b>	Non aplica (sen datos previos) .					
<b>Valor previsto e data</b>	3 materiais didácticos creados ou recompilados por docente.			22/06/24		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A06.1:</b> Xestión dun PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais.	Equipo Directivo	30/10/2022	CFR de Ourense Convocatoria do PFPP		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A06.2 :</b> Creación ou recompilación de actividades de ensino-aprendizaxe adaptadas ao currículo.	Profesorado que participe na formación. Departamento de Orientación.	22/06/2023	Profesorado que participe na formación. Equipamento informático. Buscadores.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A06.3:</b> Publicación na aula virtual de recursos dixitais creados ou recompilados e adaptados ao currículo.	Profesorado das diferentes materias	22/06/2024	Recursos creados Aula virtual Persoa implicada Equipamento informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>AO6.4:</b> Elaboración da enquisa para rexistrar o número de actividades didácticas elaboradas por docente.	Equipo de dinamización do plan dixital.	22/06/2024	Enquisa Persoas implicadas. Equipamento informático.		<b>Realizada</b>	

**"Área/s- de mellora": COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)**

<b>OBXECTIVO 7 :</b>	Formar ó alumnado no uso da aula virtual e na web do centro(H).			<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Profesorado de cada grupo, equipo dixital e coordinador das TIC.			<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de alumnado que recibe formación no uso das ferramentas dixitais do centro.(Instrumento: Rexistro de aula con data e contido explicado ao alumnado)				
<b>Valor de partida</b>	Non aplica (sen datos previos) .				
<b>Valor previsto e data</b>	100% do alumnado recibe formación sobre o funcionamento da AV e da Web e emprégaa na súa aprendizaxe		As 4 primeiras semanas do curso.		

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	----- RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO7.1:</b> Información ao profesorado da actividade e como levala a cabo.	Equipo de dinamización do Plan Dixital	Claustro de inicio de curso._	Persoas implicadas. Páxina web Aula virtual Correo electrónico		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO7.2:</b> Creación dos cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro.	Persoas coordinadoras TICS.	30/09/2022	Persoas implicadas. Equipamento informático.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO7.3:</b> Elaboración do rexistro de aula da formación do alumnado.	Equipo de dinamización do Plan Dixital	30/09/2022	Persoas implicadas. Equipamento informático. Rexistro de aula		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

A07.4: Realización de actividades a través da aula virtual co alumnado e determinadas consultas na web do centro.	Profesorado do grupo.	30/10/2022	Persoas implicadas. Equipamento informático. Actividades Buscadores Aula virtual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

"Área/s de mellora": COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)						
<b>OBXECTIVO 8:</b>	Informar ao alumnado sobre os riscos e perigos no uso de internet e redes sociais e promover o uso responsable das contornas en liña.			Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de Orientación e Titorías correspondentes			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de sesións lectivas dedicadas a adoptar un comportamento responsable tanto cos contidos dixitais como nas redes, así coma analizar os riscos das contornas en liña. (Instrumento: rexistro por parte das persoas titoras das sesións empregadas)					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 sesións					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3 sesións (unha por trimestre)			Fin de curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A08.1: Organización de charlas informativas sobre os perigos dun uso inadecuado de internet e das redes sociais	Vicedirección ou persoa responsable actividades extraescolares	22/12/2022	Policía Nacional e Garda Civil Salón de actos, conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.2: Realización actividades sobre os perigos dun uso inadecuado de internet e as redes sociais en titoría	Equipo de orientación Persoas titoras de cada grupo	Fin de curso	Ordenador ou móbil Conexión a internet Actividades en soporte dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>A08.3: Elaboración dunha folha de rexistro e anotación na mesma das actividades realizadas e das sesións empregadas</b>	Equipo de dinamización do Plan Dixital Persoas titoras de cada grupo	Todo o curso	Ordenadores Aula virtual Folla de rexistro para anotar as actividades realizadas	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

<b>"Área/s de mellora": COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)</b>						
<b>OBXECTIVO 9:</b>	Respectar as normas da propiedade intelectual e do <i>copyright</i> cando se empregue información para elaborar contido dixital ou se comparta a través de internet.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Titorías e equipo de dixitalización				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de sesións lectivas dedicadas a adoptar un comportamento responsable tanto cos contidos dixitais como nas redes así coma analizar os riscos das contornas en liña. (Instrumento: rexistro por parte das persoas titoras das sesións empregadas)					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 sesións					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	2 sesións			20/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A09.1: Elaboración dun cartafol con información relacionada coas normas da propiedade intelectual e de compartir información ( Copyright, Copyleft, e Creative Commons)</b>	Equipo de dinamización do Plan Dixital	30/10/2022	Aula virtual Normas da propiedade intelectual e do copyright Ordenador Internet Buscadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A09.2: Elaboración dunha rúbrica que se utilizará para analizar as normas da propiedade intelectual e do copyright</b>	Equipo de dinamización do Plan Dixital Titorías	22/12/2022	Internet Normas da propiedade intelectual e do copyright Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>AO9.3: Análise, por parte do alumnado, de diferentes sitios web atendendo ás normas de propiedade intelectual e de <i>copyright</i>, utilizando a rúbrica xerada</b>	Persoas titoras de cada grupo	20/06/2023	Rúbrica creada Ordenador Conexión a internet Buscadores de documentos Normas de propiedade intelectual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
<b>AO9.4: Rexistro das actividades realizadas co alumnado neste senso na aula virtual</b>	Persoas titoras de cada grupo	20/06/2023	Ordenadores Internet Aula virtual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

<b>"Área/s de mellora": Liderado (A)</b>						
<b>OBXECTIVO 10:</b>	Empregar as ferramentas dixitais e a páxina web do centro para a xestión de espazos, recursos, incidencias e mantemento de comunicacións entre a comunidade escolar .				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo e Equipo de dixitalización				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe do profesorado que realiza as xestións e comunicacións do centro a través destas ferramentas dixitais					
<b>Valor de partida (3)</b>	5% do profesorado					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	85% do profesorado			20/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO10.1: Creación dun un grupo de traballo para dar a coñecer as ferramentas dixitais de xestión e comunicación do centro</b>	Equipo directivo Equipo de dinamización do Plan Dixital	1/10/2022	Páxina web Aula virtual Profesorado implicado CFR de Ourense Programa de formación do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>AO10.2: Establecemento dun protocolo de xestión de espazos, recursos, incidencias e comunicacións que impliquen o uso de ferramentas dixitais</b>	Profesorado do grupo de traballo	22/12/2022	Ordenador ou tableta Profesorado do centro Páxina web do centro Aula virtual Abalar	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
<b>AO10.3: Divulgación entre iguais na formación do profesorado no manexo das ferramentas e o protocolo</b>	Equipo directivo Profesorado do grupo de traballo	20/06/2023	Ordenador ou tableta Aula virtual Abalar Profesorado	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
<b>AO10.3: Uso regular das ditas ferramentas para a xestión e organización do centro</b>	Profesorado	20/06/2023	Páxina web do centro Aula virtual Abalar	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
<b>AO10.4: Publicación na aula virtual do protocolo de uso das ferramentas dixitais de xestión de centro (comunicacións, reservas de aulas e recursos do centro)</b>	Xefatura de estudos	22/12/2022	Aula virtual Protocolo	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
<b>AO10.5: Comprobación de que o profesorado usa as ferramentas de xestión e organización do centro.</b>	Xefatura de estudos	20/06/2023	Aula virtual Folla de rexistro Ordenadores. Conexión a internet	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E)						
<b>OBXECTIVO 11:</b>	Potenciar o uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con necesidades educativas especiais e fomentar o seu uso nas tarefas de apoio e reforzo educativo.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamento de orientación, titorías				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de actividades levadas a cabo coas TIC co alumnado con necesidades educativas especiais nos apoios e reforzos, así como a mellora que achega o seu uso nestas tarefas. (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	4 actividades realizadas coas TIC co alumnado por docente implicado			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO11.1: Creación dun grupo co alumnado con necesidades educativas especiais dentro da categoría do Departamento de orientación</b>	Profesorado de apoio Departamento de orientación.	30/09/2022	Conexión a internet Ordenador Aula virtual		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO11.2: Publicación das actividades nos cursos correspondentes restrinxindo o acceso ao alumnado que vai dirixido.</b>	Departamento de orientación Profesorado	20/12/2022	Conexión a internet Ordenador Aula virtual		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

AO11.3: Realización das actividades de apoio creadas para o alumnado con NEE nas áreas instrumentais.	Profesor de apoio ou reforzo. Profesorado das materias instrumentais	20/06/2023	Conexión a internet Ordenadores Aula virtual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO.11.4: Elaboración dunha rúbrica para avaliar as actividades realizadas	Equipo dixital Departamento de orientación.	20/06/2023	Aula virtual Ordenadores Rúbrica análise actividades realizadas	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO.11.5: Análise dos resultados obtidos a través das rúbricas para avaliar as actividades realizadas e publicación na aula virtual	Profesorado de apoio e reforzo Equipo dixital Departamento de orientación.	20/06/2023	Profesorado de apoio Ordenadores Aula virtual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** que sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa.
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.



No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

- (2) **INDICADORES: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

### ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN :** Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) *ESTADO: Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.*

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Infraestrutura dixital:

Necesita mellora a conectividade a internet, tanto cableada como por wifi, para o emprego nas aulas e nos edificios administrativos.

- Equipamentos:

Ordenadores ultraportátiles para a traballo co alumnado (aula móbil), xa que os que dispón o centro son os do proxecto Abalar do curso 2010/11.

Ordenadores de sobremesa para montar máis aulas de informática, debido ao aumento de horas na materia de Dixitalización, obrigatoria en 1º de ESO e optativa en 3º de ESO.

Postos de traballo de xestión para a administración do centro (os que hai teñen moitos anos).

6 ordenadores para a sala de profesorado debido á obsolescencia dos que están instalados.

- Servizos dixitais educativos:

Contamos coas webs dinámicas (páxina web e aula virtual) así como o espazo Abalar e as aplicacións Abalar para comunicación.

O correo electrónico corporativo para comunicados administrativos e internos.

Tamén se empregan outros servizos dixitais non corporativos de xeito persoal como os servizos de Google, Microsoft, e outros.

## 4. Avaliación do plan

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:

**Avaliación procesual:** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao mes. Reunirase o equipo de dixitalización para comprobar o estado de consecución das accións propostas nos obxectivos, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

**Avaliación final:** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 4.2. Propostas de mellora (revisión)

A avaliación final realizada ao final de cada curso incluírase na memoria final do centro. Nesa avaliación dos resultados acadados haberá que propoñer cambios que impliquen unha mellora do plan despois dunha revisión consensuada dos obxectivos propostos. A corrección correspondente farase nunha sesión final do equipo de dinamización dixital baixo a coordinación do responsable das TIC do centro.

## 5. Difusión do plan

Unha vez elaborado o Plan Dixital difundirase entre toda a comunidade a través dos medios dos que dispoñemos, principalmente a páxina web e a Aula Virtual.

O Plan Dixital formará parte do PEC do centro.

Será explicado ao claustro de profesores en reunións específicas con especial atención ás persoas titoras e aos xefes e xefas de departamento.

O alumnado será informado polo equipo e polas persoas titoras, previa formación das mesmas.

Crearase unha conta de correo para atender as dúbidas que se presenten e solucionar posibles problemas.